



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urgente do 10 de novembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

**3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS PARA A CABALGATA DE REIS MAGOS 2024. EXPTE. 9948/335.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 10/11/2023, dáse conta do informe-proposta, da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 3 de outubro de 2023, a concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación da prestación do servizo de animacións para a Cabalgata de Reis 2024 .

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 3 de outubro de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:19	Páxina 1 de 4
9948-335	CSV: AAA73D-4E8FA5-29A4B2-1VPMDN-TVU2JV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante no contrato "Organización da Cabalgata de Reis 2024", por un importe de 250.000,00 € .
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 31 de outubro de 2023.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 31 de outubro de 2023.
- Memoria económica de data 9 de novembro de 2023, que recolle:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Certificado de retención de crédito de data 2 de novembro de 2023 (operación nº 202300196424 - RCFUT-).
- Memoria xustificativa de data 9 de novembro de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP). Ao tratarse dun servizo dos incluídos no Anexo IV da LCSP, o 60% da puntuación atribúese a criterios de calidade.
  - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
  - Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
  - Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:19	Páxina 2 de 4
9948-335	CSV: AAA73D-4E8FA5-29A4B2-1VPMDN-TVU2JV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 20/06/2023 e 28/06/2023 vixentes no momento da iniciación deste expediente, corresponde á concelleira da área de goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral da Área de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 30 de outubro de 2023.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, por motivos que garantan a libre concorrancia.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

## PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións para a Cabalgata de Reis 2024.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 31 de outubro de 2023 asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 9 de novembro de 2023 asinados pola técnica de administración xeral por delegación da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 30 de outubro de 2023.*

*Terceiro: Asumir o compromiso de dotar de crédito suficiente por un importe base de licitación de 99.825,00 €, sendo o valor estimado do contrato de 82.500 €, a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) para o orzamento do ano 2024.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:19	Páxina 3 de 4
9948-335	CSV: AAA73D-4E8FA5-29A4B2-1VPM DN-TVU2JV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*O gasto correspondente a este expediente é de 99.825,00 €, imputarase como anticipado de gasto á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2024.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2023 23:19	Páxina 4 de 4
9948-335	CSV: AAA73D-4E8FA5-29A4B2-1VPMDN-TVU2JV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		